

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández do 15/07/1975

Colección:

Data: 15/07/1975

De:

Manuel Meilán Martínez;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Abella 2124, ap. 2 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

Méndez Núñez, 17 (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e sen membrete. Escrita tamén pola marxe esquerda do folio]

Mencionados:

Xesús Canabal; Castelao; Pedro Couceiro; Iolanda Díaz Gallego; José Escudero; Fernando Pereira; Alfredo Somoza;

Notas legais:

Este documento pertence ao Fondo documental e fotográfico Lois Tobío, conservado no Consello da Cultura Galega por doazón de Constanza Tobío.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández do 15/07/1975

Montevideo, xulio 15 do 1975

Siñor;
Luís Tobío Fernández
MADRID.-

Ben querido Tobío:

O día 3 do vindeiro setembro, SEMPRE EN GALICIA, cumprirá VINTECINCO ANOS.- Vai en maiúscula porque, cando a fundamos, lexos estivemos de imaxinar que chegaríamos a eles.- Pero, somentes coa lamentabel ausencia de Somoza, os demais, estamos todíños; máis vellos no físico, nonna mente, que sempre está como nos mellores tempos xuveniles Boeno, vamos o motivo desta que non é outro que o de pedírlle que nos faga o editorial pro domingo 7 de setembro.- Todos nós senteriamos moi ledos si vosté, como non dudebamos fará, remexanos a colaboración que lle pedimos.-

Eu escribinlle a Villaverde pra que o vira e lle pedira isas verbas gravadas na súa voz.- Como nin me contestou, supoño que nono fixo, dahí esta carta.- Si o Villaverde, cumpríu, millor; senon, ista carta ten vixencia.-

Dos problemas deste país, xa o supoño enteirado.- Vamos tirando, pero sin aquela maneira de vivir deste pobo, co facía feliz.- As condicións económicas están cuasi totalmente deterioradas, como lle dín agora.- E no político, fixeron un réximen militar-civil, que vai tirando con unha férrea represión e unha censura endexamais tida nesta Nación de Don Xosé Batlle y Ordoñez.- Pra darlle unha idea direille que somentes se publican catro xornaes: "El País".- "La Mañana".- "El Diario", oficialistas e "El Día", que fai o que pode pra que nono suspendan, como xa o fixeron.- Fora deste, nun tono moi suaviciño, polo dito, os outros, merda.-

Eí parez cas cousas tamén non eran tan estabeles como pensaban os trunfadores de fai casi coarenta anos.- E que a liberdade de pensamento e vida, endexamáis morre.-

Co auspicio do Patronato da Cultura Galega aquí estase por poñer o busto de Castelao no seu Rianxo natal.- O busto xa esta na casa paterna, donde naceu o Guieiro.- E o que fixeron entre vosté i Escudero, que lamentablemente remata de morrer na Cruña, sin co destiño lle permitise estar presente na colocación.- Aquí pensan ir Canabal, Pereira, Yolanda e quizáes algún outro.- De Bós Aires, tamén unha delegación do Centro Galego, que irá presidida polo titular.- Todo esto e proeiro, pois parez que afloran algunhas dificultades; vosté xa me entende.- Alá veremos, pois pensabase facelo en setembro.-

Ren máis, saúdos a súa dona e fillo, que xa estará feito un mozo e tiduado, maxínome.- Vosté, cos saudos de todolos amigos da audición –Couceiro, Yolanda, Pereira–, reciba unha amical aberta de Meilan [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.